



REGULAMENTO PARA A ELECCIÓN DE CANDIDATOS/AS DE COMPROMISO POR GALICIA PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DO 26 DE MAIO DE 2019.

Artigo 1. Sistema de elección.

1. O sistema de elección da persoa que encabece a candidatura de Compromiso por Galicia ás vindeiras eleccións municipais do ano 2019 en cada Concello será o de primarias abertas a cidadanía. A persoa que encabece a candidatura na localidade será a proposta de Compromiso por Galicia a ser alcalde ou alcaldesa.

2. Naquela Agrupación Local na que se presente unha única persoa a encabezar a candidatura municipal de Compromiso por Galicia e, xa que logo, a alcaldía, será votada nunha reunión da Agrupación Local pola afiliación con dereito a voto

Artigo 2. Condición de electores.

1. Da afiliación e dos simpatizantes.

- a) Teñen a condición de electores aquelas persoas que figuren inscritas no censo de afiliación de CxG con un mes de antelación á data límite, aínda que teñan fixada a súa residencia nun concello distinto ao da agrupación local na que militan
- b) Aquelas persoas inscritas no censo de simpatizantes de CxG con dous meses de antelación, sempre que teñan a súa veciñanza/empadroamento no municipio no cal se convoca o proceso

2. Para ter a condición de electores debe terse cumprido os 16 anos.

3. Para adquirir a condición de elector aquelas persoas que non estean xa inscritas nos censos de Compromiso, estas poden facelo cubrindo un impreso no que se manifesten por escrito o seguinte:

- a) Datos persoais recollidos no DNI.
- b) Que está empadroadado no concello no que vai exercer o voto no proceso de primarias.
- c) Que comparten os principios e apoian o proxecto político que representa Compromiso por Galicia.
- d) Que non están afiliados a ningún partido político.

4. Compromiso por Galicia facilitará, a aquelas persoas que llo soliciten, modelos normalizados para acreditar o cumprimento dos requisitos sinalados neste apartado, procurando que devandita acreditación se poida realizar, se for posible, por medios telemáticos a través da web de Compromiso ou mediante correo electrónico dirixido a info@compromiso.gal utilizando o formulario que figura no anexo I deste regulamento. As persoas definidas como electores neste apartado 3, terán que inscribirse previamente cun mínimo de dous meses de antelación para entrar no censo.

O local no que se celebren as votacións terá que haber unha mesa de incidencias, con unha persoa que determine a Agrupación local, na que os electores poidan acreditar a súa inscrición no censo para poder exercer o seu dereito ao sufraxio activo e cumprindo integramente o recollido neste Artigo.2.

5. Para poder exercer o seu dereito ao sufraxio activo, todos os electores deberán abonar previamente unha achega de 3€, que se destinara a sufragar os gastos derivados da organización das primarias e, se houberse remanente, aos gastos da futura campaña electoral das Eleccións Municipais.

6. Cada persoa afiliada so poderá avalar unicamente a un candidato/a, e cada proceso de primarias. O aval so será válido de presentarse na circunscrición electoral onde estea inscrita a afiliación.

Artigo 3. Condición de elixible.

1. Poderán ser candidatos a encabezar as listas de Compromiso de Galicia as vindeiras eleccións municipais do 2019 todas aquelas persoas maiores de 18 anos e que sexa afiliado/a de Compromiso por Galicia.

Caso de un concello no que exista ou non agrupación local, (a partir desta data da modificación 11.01.2019) no que non se desenvolva un proceso de Primarias por falta de persoa candidata atendendo ao establecido no Artigo.2, e se dispoña de unha persoa para encabezar candidatura sen afiliarse, esta poderá e deberá darse de alta para concorrer ao proceso con normalidade sempre con previo informe da Comisión Electoral Nacional. Este informe será remitido ao conxunto do Consello Nacional tanto para dar conta como para recoller se houbera algunha consideración razoada ao respecto. Se a localidade dispón de agrupación, a comisión electoral poñerase en contacto coa localidade pra informar da existencia dunha persoa disposta a encabezar, e proceder a coordinar o proceso e así presentar candidatura en tempo e forma.

2. Non poderán ser candidatas aquelas persoas a respecto das que se ditara auto de procesamento ou de apertura do xuízo oral.

3. As persoas candidatas só poderán participar no proceso electoral do concello onde teña inscrita a afiliación. Igualmente non poderán participar como avalistas nin como votantes noutras circunscricións electorais.

4. As persoas candidatas (onde sexa necesario o proceso completo de primarias), deben contar con cando menos o aval do 10% da afiliación da súa circunscrición e neste caso cuadra co da Agrupación.

5. Para facilitar o coñecemento das persoas candidatas aos electores, na páxina web de Compromiso habilitarase un espazo específico para todos e todas coas mesmas dimensións, a que inclúan a información sobre eles mesmos consideren oportuna.

6. Non se permite que as persoas candidatas habiliten novas páxinas nas RRSS, Blogs, Webs personalizadas, etc máis alá das que se dispoña autorización a nivel nacional.

Artigo 4. Período no que se teñen que celebrar as primarias.

1. O período no que se ten que desenvolver todo o proceso de primarias abertas e elección de candidatos as vindeiras Eleccións Municipais comprenderá desde o 15 de setembro do 2018 até o 1 de abril do 2019.

2. No caso dos concellos da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo, este período reducirase e abranguerá desde o 1 de xuño do 2018 até o 1 de abril do 2019, debendo estar nesa data elixidos as persoas que encabezan as candidaturas nestas cidades.

Artigo 5. Procedemento.

1. Dentro do período sinalado no artigo 4 deste Regulamento, a Agrupación Local convocará unha reunión aos efectos de acordar a apertura e aspectos organizativos do proceso de primarias abertas a cidadanía. Nesta reunión fixarase o día no que, as persoas que teñan a condición de elixible de acordo co sinalado no artigo 3 deste Regulamento, poderán presentar a súa candidatura a encabezar a lista de Compromiso as eleccións ao seu concello.

2. A Executiva Local comunicará á Comisión Executiva Nacional o día a partir do cal se poden presentar as candidaturas nesa localidade. A Executiva Local tamén comunicará aos afiliados e simpatizantes desa localidade o día a partir do cal se poden presentar candidaturas. Na medida do posible, a Executiva Local

deberá facer público e dar a coñecer á cidadanía do Concello que se abre o proceso de primarias e a data, a partir da cal, calquera persoa que teña a condición de elixible, poderá presentar a súa candidatura.

3. A presentación da candidatura farase preferentemente a través da web nacional de Compromiso, e das páxinas de FB das Agrupacións, axustándose ao modelo que, a estes efectos, estará dispoñible na propia web. Tamén se poderá presentar candidaturas mediante correo electrónico dirixido a info@compromiso.gal

4. As persoas candidatas poderán designar entre os/as afiliados/as e simpatizantes o seu “equipo electoral” que será dado a coñecer ao conxunto da organización e que poderán exercer funcións de representación e intervención en todo o proceso electoral.

5. O prazo para presentación de candidaturas será de 7 días. Transcorrida este prazo daranse a coñecer, nos 3 días hábiles seguintes, a través da web e das páxinas locais correspondentes de FB de Compromiso, as persoas que, cumprindo co establecido no artigo 3 deste regulamento, presentaran a súa candidatura a encabezar a listaxe de Compromiso no seu concello.

6. Tras coñecer as candidaturas presentadas a Executiva Local fixará, dentro do período sinalado no artigo 4 deste Regulamento, as datas na que os candidatos poderán facer campaña, así como a data e o lugar no que se van a celebrar as primarias abertas a cidadanía. O día no que se celebre a votación terá que ser o inmediatamente posterior ao que remate a campaña dos candidatos. A Executiva Local procurara que o día da votación coincida en fin de semana ou nas datas nas que a meirande parte dos electores se poidan achegar a votar. A Executiva Local deberá de procurar que o lugar onde se vaian a celebrar as votacións sexa coñecido no municipio e de fácil acceso.

7. Con anterioridade a que se inicie a campaña dos candidatos, a executiva Local comunicarlle aos candidatas e aos afiliados e simpatizantes desa localidade as datas na que se vai desenvolver dita campaña, as persoas que concorren como candidatos e a data e o lugar no que se van celebrar as primarias abertas a cidadanía. Na medida do posible a Executiva Local tamén fará pública e dará a coñecer á cidadanía o inicio da campaña, as persoas que se presentan como candidatas e o lugar e data na que vai ter lugar a votación.

8. A duración da campaña dos candidatos será dun mínimo de 3 días e dun máximo de 7 días. Durante a campaña os candidatos terán acceso permanente aos censos electorais do proceso de primarias, aos únicos efectos de poder dirixirse aos electores para dar a coñecer a súa candidatura e o seu programa, garantíndose, en todo caso, o cumprimento do establecido na vixente lei orgánica de protección de datos.

Artigo 6. Intervención dos candidatos.

1. O día da votación os candidatos poderán facer un exposición publica acerca da súa candidatura e das súas propostas. O tempo da duración desta intervención non será superior a 15 minutos.


2. A orde na que intervirán os candidatos virá determinada por sorteo, que se celebrara con carácter previo as intervencións dos mesmos.

Artigo 7. Votación

1. A votación celebrarase no lugar e data que fixará a Executiva Local de acordo co previsto no artigo 5 deste Regulamento.

2. Establecese unha duración máxima para a votación de 6 horas e mínima de 3 horas durante o cal permanecerá aberta a mesa electoral.

A mesa de incidencias permanecerá aberta até o remate do período de votación.



3. No lugar da votación haberá unha mesa electoral, composta por tres membros designados, por sorteo, pola Executiva. Na composición da Mesa debe procurarse o equilibrio de xénero.

4. No momento da votación os electores deberán de ensinar o seu Documento de Identidade, comprobando os membros da mesa que se atopan inscritos no censo electoral (como afiliado ou simpatizante de acordo co establecido no artigo 2 deste regulamento).

5. A votación dos candidatos farase en urna. Porén, se tecnicamente fose posible a dirección de Compromiso podería habilitar plataformas ou mecanismos que permitiran o voto non presencial e por medios telemáticos, sempre que resultase garantido a identidade do elector, o segredo ao seu voto, así como o cumprimento das esixencias e requisitos establecidos neste regulamento para o proceso de primarias.

Artigo 8. Proclamación de candidatos.

1. Entenderase por votos válidos todos os emitidos a algunha das candidaturas e os votos en branco. Xa que logo, non serán computados como válidos os votos nulos.

2. Naquela Agrupación Local na que se presente unha única persoa a encabezar a candidatura municipal de Compromiso por Galicia e, xa que logo, a alcaldía, será proclamada esa persoa sempre e cando obteña máis votos a favor que en contra.

3. No caso de que se presentasen dúas persoas as primarias, será proclamada candidata aquela que obteña o maior número de votos.

4. No caso de que se presentasen máis de dúas persoas as primarias, será proclamada candidata aquela que obteña o maior número de votos, sempre e cando supere o 40% dos votos válidos emitidos. Se ningún dos concorrentes acadara o 40% dos votos validamente emitidos convocarase unha segunda volta, á que poderán concorrer só os dous aspirantes co maior número de votos da primeira volta. A segunda volta celebrarase 7 días despois, e será proclamada candidata aquela que obteña o maior número de votos.

5. Se de acordo co establecido nos apartados anteriores, ningún aspirante obtivese os votos necesarios para poder ser proclamado candidato, ou se retirasen os/as aspirantes, a Executiva Nacional poderá optar entre convocar un novo proceso de primarias ou seguir o procedemento alternativo previsto no artigo 9 deste Regulamento para a proclamación de candidatos.

Artigo 9. Proclamación de candidatos sen seguir o proceso de primarias.

Naqueles concellos nos que non haxa agrupación local legalmente constituída, pero si a posibilidade de presentar candidatura, será a Comisión Electoral que articule e poña en marcha un proceso de elección de candidato/a alternativo ao de primarias, que en todo caso debe garantir os principios democráticos e facilitar a máxima participación da afiliación e simpatizantes, que desexen participar en cada un deses concellos.

Artigo 10. Comisión Electoral.

1. Constituirase unha Comisión Electoral Nacional que estará conformada por entre 5 e 9 persoas propostas polo Secretario Xeral. Nesta Comisión poderán participar membros do Partido e persoas de recoñecido prestixio e relevancia social, sen necesidade de que estean afiliadas a Compromiso. En todo caso as non afiliadas a Compromiso non deben superar o 25% da Comisión Electoral.

2. A Comisión Electoral designada polo Secretario Xeral terá que ser ratificada polo Consello Nacional.

3. A Comisión Electoral terá como función velar polo correcto funcionamento de todo o proceso nos distintos concellos do País. A Comisión electoral terá entre os seus cometidos:

- a. Elaborar o calendario electoral en detalle, se fora preciso cumprimentar ao establecido neste Regulamento.
- b. Interpretar o presente Regulamento e resolver todas as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación ao longo de todo o proceso de primarias.
- c. Coordinar o calendario das diferentes xornadas de votación.
- d. Supervisar o sorteo entre o censo de afiliados/as aos integrantes de cada unha das mesas electorais.
- e. Elaborar as normas, documentación e información precisa para a votación e recuento.
- f. Publicar os resultados e proclamar aos candidatos ou candidatas que resulten elixidos.
- g. Resolver as reclamacións que puideran presentarse no curso do proceso en relación co mesmo.
- h. Regular aquelas cuestións non establecidas neste regulamento, nin nos acordos do Consello Nacional relacionados con este proceso.
- i. Dispoñer de recursos humanos e técnicos se fora preciso.
- j. Elaborar unha previsión orzamentaria de ser o caso.
- k. Solicitar á Comisión de Garantías a elaboración e posterior remisión ao Consello Nacional dun informe de candidaturas que poda considerar prexudiciais para Compromiso, por causas debidamente xustificadas e explícitas, e para que sexa o máximo órgano entre Congresos Nacionais o que decida en última instancia sobre a validez das mesmas.

4. Na primeira reunión de carácter constitutivo os/as seus integrantes elixirán as seguintes responsabilidades: presidente, secretario.

5. As reunións ordinarias para considerarse validamente constituídas deberán contar como mínimo coa asistencia do 60% dos seus membros.

Artigo 11. Recurso contra a proclamación de candidatos.

Fronte a proclamación de candidatos realizada pola Comisión Electoral, os aspirantes non proclamados candidatos poderán interpoñer, no prazo dos dous días seguintes, unha reclamación fronte a Executiva Nacional. A Executiva Nacional resolverá, no prazo de 5 días, as reclamacións presentadas fronte as proclamacións de candidatos.

Artigo 12. Eleccións Europeas.

O proceso de elección da persoa que poida encabezar unha candidatura ou estar na parte superior dunha candidatura compartida en formato de “coalición”, deberá de atender as partes regulamentares que implican similitude como condición de elixible, etc.

A fórmula de concorrencia será acordada pola afiliación de Compromiso a través dun Referendun tal como establecen os Estatutos do Partido no seu Artigo 9.3 sobre Coalicións Electorais.

DISPOSICIÓN FINAL. Entrada en vigor.

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa aprobación polo Consello Nacional.

